



Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 29 de novembro de 2023

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2023.

2º. Ditame sobre aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio 2024. Expte TEDEC 2023/T004/000001

3º.- Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Expte TEDEC 2023/T002/000054

4º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso público. Expte TEDEC 2023/G015/000001

5º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo. Expte TEDEC 2023/G013/000002

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 27 de setembro de 2023.

2º.- Ditame sobre aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio 2024. Expte TEDEC 2023/T004/000001

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, do 24 de novembro de 2023, que se reproduce a continuación:

“3º.- Proposta de ditame sobre aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio 2024.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Confeccionado o orzamento xeral para o exercicio 2024, con tódolos documentos e emitido o informe da intervención, de conformidade co artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e o artigo 168 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004.

A proposta desta Alcaldía de acordo para o Pleno é a seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o ano 2024 que ascende á contía de 8.609.405,00 € en ingresos, e á contía de 8.609.405,00 € en gastos correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2024
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.609.405,00
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	7.302.300,00
1	Gastos de persoal	2.250.000,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.248.147,00
3	Gastos financeiros	45.980,00
4	Transferencias correntes	758.173,00
5	Fondo de continxencia	0,00
A.2	OPERACIONS DE CAPITAL	1.307.300,00
6	investimentos reais	1.307.300,00
7	transferencias de capital	0,00
b)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
8	activos financeiros	0,00

9	Pasivos financeiros	0,00
GASTOS TOTAIS		8.609.405,00

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2024
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.609.600,00
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	7.667.600,00
1	Impostos directos	2.179.000,00
2	Impostos indirectos	1.522.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.008.700,00
4	Transferencias correntes	2.835.000,00
5	Renda Patrimonial	122.900,00
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	942.000,00
6	Enaxenación das inversións reais	0,00
7	transferencia de capital	942.000,00
b)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
8	activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
INGRESOS TOTAIS		8.609.600,00

Segundo.- Declarar indispoñibles os créditos derivados do previsible incremento nun 2 % das retribucións dos empregados públicos municipais para o ano 2024 en tanto non entre en vigor a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para dito ano ou outra norma que o habilite, polas contías indicadas no informe de intervención ao presente orzamento. Se finalmente se aproba o incremento nunha porcentaxe inferior, a diferenza quedará como indispoñible.

Terceiro.- Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

Cuarto.- Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.



Quinto.- Que se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo)

Sexto.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación , resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederase de acordo co previsto no 169.1 do mesmo.

Sétimo. - Que, de acordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Mónica Rodríguez Ordóñez
A Alcaldesa”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica someramente o contido do orzamento en función dos capítulos e áreas de gasto.

Así, refírese a que son os orzamentos máis altos da historia de Vimianzo, sendo este un municipio moi extenso no que non é posible recoller tódalas demandas dos veciños.

Refírese ó maior gasto social, en turismo, emprego e igualdade; a asunción de maiores competencias sen incremento de financiación coma en materia de educación...o incremento do servizo do SAF; a protección animal.

Continúa xustificando a contratación dun técnico de turismo máis aló dos 4 meses ordinarios dada a riqueza patrimonial deste concello; desglosa as subvencións nominativas e de libre concorrência; as inversións por valor de 1.300.000 euros destacando o mirador, a adquisición de excavadora, terreos para escola infantil ó ter a 5ª aula..etc.

D. José Manuel pregunta como está a deuda financeira se é que temos e a RPT.

D. Benjamín Queiro replica que está a sufrir unha crise económica, un envellecemento alarmante, caída do sector productivo, prostitución e narcotráfico.

Refírese á necesidade de crear emprego, e que o aumento do orzamento ata os 8 millóns, ven de impostos, ICIO e IBI pero non da implantación de novas empresas.

Critica que non se plantexa facilitar o acceso ó parque empresarial xa que con novas empresas e os impostos do IAE e demais, poderíase financiar o gasto corrente que leva moito, e non está dacordo coa creación da praza de técnico de turismo se antes non se acondiciona a contorna do



Castelo e pregunta se tamén se vai contratar un novo traballador social xa que o servizo está ben dimensionado.

Manifesta que temos 1.700.000 euros de débeda e se está a a pagar a 70 días, e prevese en propaganda e publicidade 60.000 euros en total, máis do dobre que se dá en materia de subvencións á cultura e deporte.

Remata trasladando que se remitiu informe de intervención e non sabe se hai.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que en 8 anos, nunca se lle remitiu documentación do orzamento, nin se fixo como este ano dúas Xuntas de Voceiros para explicalo e escoitar as propostas.

Rexeita o concepto do pobo que ten o BNG que, ó seu parecer, non parece querelo moito, e tamén que non asistiran á Xunta de Voceiros con algunha proposta, e que únicamente buscan lío.

En relación co fomento do emprego, síntese identificada xa que provén de ese sector, e se venderon 7 parcelas e se bonifica o IBI do polígono; respecto ó entorno do Castelo, non é tan sinxelo expropiar e prefire a vía do consenso.

Considera necesario o técnico de turismo xa que 4 meses non chegan para cubrir a demanda cultural do concello, e non subiron impostos tendo servizos deficitarios sendo o BNG o único que subiu o tipo do IBI.

En relación con servizos sociais, recorda que a empresa contratada non presta o servizo que prestan os servizos administrativos e non hai praza nova de traballador social estando sobrecargado o servizo.

Por último, os gastos de publicidade e propaganda son necesarios para visualizar ó concello, festas, programas de turismo, FITUR...ou e que o BNG preferiría non ir?.. amáis dí que as veces que foi case sempre pagouno ela mesma. Respecto ó reparto para as festas patronais, aumentouse a previsión pero hai que ordear o gasto.

Para rematar explica a proposta adoptada coas comisións de festas para o reparto de fondos.

D. Benjamín Queiro nega que veñan a crear crispación, pero son a oposición, e se non plantexan nada a que veñen.

Reafírmase na situación económico social do pobo e se ben entende que debe haber técnico de turismo, hai que adecentar o contorno do Castelo cun bo proxecto, estando a Deputación disposta a invertir.

Crítica que a FITUR vaian 3 concelleiros, cando chegaría un.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que non 3, senón 4 deberían ir polo traballo que hai que facer.



En relación co acondicionamento do Castelo, agora están coa instalación eléctrica, hai que ir por fases paso a paso e non plantexarse proxectos faraónicos que non levan a ningures.

Remata dicindo que conseguíuse a estabilización de 16 persoas.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PsdeG-PSOE, dous votos en contra do BNG e unha abstención do Grupo Mixto-PP, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º.- Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Expte TEDEC 2023/T002/000054

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, do 24 de novembro de 2023, que se reproduce a continuación:

“2º.- Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente	
	- Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2023/T002/000054 2023/SC/04

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Incrementar o crédito existente da aplicación orzamentaria 1532 22799 co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 181.585,38 euros.

- Arranxo tramo de vía entre Baiñas ao Subeiro en Serramo. Proxecto 2019/2/POS19/8. Importe 17.464,77 euros.
- Rede de saneamento en Quintáns de Treos. Proxecto 2021/2/POS21/6. Importe 15.107,24 euros.
- Incrementar o crédito existente da aplicación orzamentaria 334 22799 co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 181.585,38 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 334 61900 para a adquisición de tarima modular. Importe: 13.007,50 euros.
- Arranxo pista Vimianzo-Esquipa. Proxecto 2019/2/POS19/2. Importe 10.543,34 euros.
- Incrementar o crédito existente da aplicación orzamentaria 459 22100 "Outras infraestruturas Enerxía eléctrica". Importe: 7.000,00 euros.
- Incrementar o crédito existente da aplicación orzamentaria 920 22799 "Administración xeral Outros traballos realizados". Importe: 65.000,00 euros.

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
1532 22799	Pavimentación de vías públicas Outros traballos realizados	181.585,38 €
1532 61900	Pavimentación de vías públicas Outr.inver.reposic.infraes	17.464,77 €
160 60900	Rede de sumidoiros Out.inv.infr.e b.uso xeral	15.107,24 €
334 22799	Promoción cultural Outros traballos realizados	181.585,38 €
334 61900	Promoción cultural Outr.inver.reposic.infraes	13.007,50 €
453 61900	Estradas Outras inver.reposición infraestruturas	10.543,34 €
459 22100	Outras infraestruturas Enerxía eléctrica	7.000,00 €
920 22799	Administración xeral Outros traballos realizados	65.000,00 €
TOTAL GASTOS		491.293,61 €

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO
113	I.B.I URBANA	972.300,00 €	1.686.772,21 €
114	I.B.I. CARACT.ESPECIAIS	152.000,00 €	282.587,70 €
130	I.A.E.	276.000,00 €	294.112,31 €
290	IMP.CONSTRUC.INSTAL .OBRA	47.000,00 €	62.507,76 €
TOTAL INGRESOS		1.447.300,00 €	2.325.979,98 €



SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

O Interventor explica brevemente as aplicacións orzamentarias afectadas.

A Alcaldesa-Presidenta explica que é preciso polos excesos de medición nas certificacións finais de obras.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso público. Expte TEDEC 2023/G015/000001

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 24 de novembro de 2023, que se transcribe a continuación:

"1º.- Proposta de ditame sobre aprobación inicial da ordenanza Fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico Exp: 2023/G015/000001

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación inicial da ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico Exp.: 2023/G015/000001

Consta no expediente o borrador da Ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico que consta de 5 títulos, 5 artigos, e 1 disposición final, que ten como obxecto o desenvolvemento da do cobro de taxas da venda ambulante no municipio de Vimianzo.



Consta o informe emitido polo secretario xeral do concello, de data 20 de novembro de 2023, en sentido favorable á aprobación da dita Ordenanza condicionado a unhas modificacións e anexo de informe económico financeiro que xa se fixeron e tamen se incorporou que dí o seguinte:

"INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: APROBACIÓN ORDENANZA

EXPTE: 2023/G015/000001.

Emítese este informe xurídico á vista da providencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2023, conforme ó disposto no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL, así como o artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, no seo das funcións reservadas de asesoramento legal preceptiva contidas no artigo 92.bis. Da LBRL.

Lexislación Aplicable:

- Constitución Española - CE-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro- ROF-.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo - LALGA-.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro – LRXSP-.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro – LTIPBG-.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro- LPAP-.
- Real Decreto 1372/86 de 13 de xuño- RBEL-.
- Lei 8/89 de 13 de abril de Tasas e Precio Públicos -LTPP-.
- Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo- TRLFL-.
- Lei 58/2003 de 17 de decembro- LXT-.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- As EELL, como administracións territoriais cuia autonomía local ven recoñecida na CE nos artigos 137 e 140 e trasladada ós artigos 2 e 3 da LBRL, teñen atribuídas as potestades previstas no artigo 4 desta norma, entre as cales atópanse as potestades regulamentarias xunto coa potestade tributaria e financeira.

Dita potestade ten a súa manifestación no Título VIII Facendas Locais, da LBRL e no TRLFL; concretamente a través da aprobación de ordenanzas fiscais de establecemento e imposición de tributos potestativos, e a aprobación de ordenanzas xerais de xestión, liquidación, inspección e recadación deste recursos no seu caso.

Neste senso, segundo o artigo 2.1 da LBRL, *para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las Entidades Locales, la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas,*

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

reguladora de los distintos sectores de acción pública, según la distribución constitucional de competencias, deberá asegurar a los Municipios, las Provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad Local, de conformidad con los principios de descentralización, proximidad, eficacia y eficiencia, y con estricta sujeción a la normativa de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

Dita potestade regulamentaria supón a capacidade de desenrolar normas con rango legal derivadas da potestade lexislativa que recae na administración territorial do Estado e das CCAA, conforme a distribución competencial prevista nos artigos 148 e 149 da CE.

Deste xeito, o artigo 105 da CE garante ós cidadáns a existencia de procedementos administrativos para relacionarse coas administracións como manifesta o precepto 34 da LPAC que dispón que *los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado, se producirán por el órgano competente ajustándose a los requisitos y al procedimiento establecido.*

Esta potestade atópase suxeita ó control dos tribunais como impón o artigo 106 da CE e o artigo 8 da Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo que establece que *los Tribunales controlan la potestad reglamentaria y la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de ésta a los fines que la justifican.*

Antes de abordar o contido da ordenanza, cabe referirnos ó controvertido Título VI da LPAC denominado *"De la iniciativa legislativa y de la potestad para dictar reglamentos y otras disposiciones"*, obxecto de múltiples sentencias entre as cales destacan a STC 55/2018 de 24 de maio; STSJ de Galicia de 30 de abril de 2015 e as STS de 31/01/2023 e 6/02/2023.

Neste título, regulanse aspectos a ter en conta no exercicio da potestade regulamentaria de tódalas administracións públicas incluída a local, e así, deberanse contemplar na exposición de motivos das mesmas de xeito xustificativo, os principios de boa regulación previstos no artigo 129 desta norma: *necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia.*

Este precepto foi declarado inconstitucional sempre que se interpretase conforme a STC 55/2018, non sendo de aplicación salvo un par de parágrafos ás CCAA, olvídanse a citada sentenza das AALL, co cal en principio segue de aplicación para as mesmas.

Respecto o Plan Anual normativo, o mesmo argumentario salvando a súa inexistencias nas entidades locais como unha irregularidade non invalidante á vista da citada STSJ de Galicia.

Máis complexa é a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración dos regulamentos contemplada no artigo 133 da LPAC, e a nivel local de xeito xenérico nos artigos 69 e 70 da LBRL.

Así, este precepto contempla de forma complementaria ós procedementos especiais, a previa consulta pública e audiencia específica a cidadáns afectados coa excepción de que estemos ante normas orzamentarias ou organizativas ou concurran razóns graves de interese público.



Amáis de que cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primeiro.

O contido deste precepto, foi sendo matizado pola xurisprudencia, pasando de obrigatorio como normativa complementaria no exercicio da potestade regulamentaria local, a non aplicable dado o carácter supletorio da LPAC (Disposición Adicional 1ª) fronte ó principio de lex specialis, sobre todo en materia tributaria y urbanística local.

Este interpretación é máis acorde co principio de autonomía local, xa que as AALL teñen normativa específica de elaboración, tramitación, aprobación e entrada en vigor das súas ordenanzas conforme ós artigos 49 e 110 e ss. da LBRL; 17 e ss. da Lei de Facendas Locais e o Título II da Lei 2/2016 de 10 de febreiro de Solo de Galicia.

Neste senso, as administracións locais, posúen unha potestade derivada en materia tributaria á vista do artigo 133.2 da CE, e dita potestade configúrase no seo da autonomía financeira promulgada polo artigo 9 da Carta Europea da Autonomía Local e 142 da CE que dispón que *las Haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las Corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de participación en los del Estado y de las Comunidades Autónomas.*

As TASAS, son unha especie dos tributos citado no artigo 31 da CE, manifestación do principio de contribuir ó sostemento dos gastos públicos nun estado social, xunto cos impostos e as contribucións especiais. Regulanse de xeito disperso na LTPP; LXT e artigos 20 e ss. e 57 do TRLFL.

Así, podemos acudir entre as normas citadas, á definición que da para este tipo de tributos potestativos o artigo 6 da LTPP que dispón que *Tasas son los tributos cuyo hecho imponible consiste en la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, la prestación de servicios o la realización de actividades en régimen de derecho público que se refieran, afecten o beneficien de modo particular al obligado tributario, cuando los servicios o actividades no sean de solicitud o recepción voluntaria para los obligados tributarios o no se presten o realicen por el sector privado*

Dito esto, estaríamos ante tributos potestativos, cuio establecemento e imposición está suxeito a aprobación da ordenanza fiscal respectiva.

SEGUNDA.- ASPECTOS SUSTANTIVOS:

Segundo o artigo 106 da LBRL, ubicado no Título VIII desta norma denominado Facendas Locais, *las Entidades locales tendrán autonomía para establecer y exigir tributos de acuerdo con lo previsto en la legislación del Estado reguladora de las Haciendas locales y en las Leyes que dicten las Comunidades Autónomas en los supuestos expresamente previstos en aquélla.*

La potestad reglamentaria de las Entidades locales en materia tributaria se ejercerá a través de Ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos propios y de Ordenanzas generales de gestión, recaudación e



inspección. Las Corporaciones locales podrán emanar disposiciones interpretativas y aclaratorias de las mismas.

Así, o artigo 15.1 do TRLFL establece que salvo en los supuestos previstos en el artículo 59.1 (impuestos obligatorios) de esta ley, las entidades locales deberán acordar la imposición y supresión de sus tributos propios, y aprobar las correspondientes ordenanzas fiscales reguladoras de estos.

E o artigo 16 desta norma dispón que las ordenanzas fiscales a que se refiere el apartado 1 del artículo anterior contendrán, al menos:

- a) La determinación del hecho imponible, sujeto pasivo, responsables, exenciones, reducciones y bonificaciones, base imponible y liquidable, tipo de gravamen o cuota tributaria, período impositivo y devengo.
- b) Los regímenes de declaración y de ingreso.
- c) Las fechas de su aprobación y del comienzo de su aplicación.

Asimismo, estas ordenanzas fiscales podrán contener, en su caso, las normas a que se refiere el apartado 3 del artículo 15.

Los acuerdos de aprobación de estas ordenanzas fiscales deberán adoptarse simultáneamente a los de imposición de los respectivos tributos.

Los acuerdos de modificación de dichas ordenanzas deberán contener la nueva redacción de las normas afectadas y las fechas de su aprobación y del comienzo de su aplicación.

A determinación do importe resultante da cuota tributaria das taxas, está baseado no principio de equivalencia e concretamente, cando o feito imponible e o da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, o artigo 24 do TRLFL entre outras sinala que, con carácter xeral, tomarase como referencia o valor que tendría no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

Fundamental so pena de nulidad ex art. 20 da LTPP, para a determinación do importe da taxa, é o informe económico financeiro previsto nese precepto e no artigo 25 do TRLFL que establece que los acuerdos de establecimiento de tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, o para financiar total o parcialmente los nuevos servicios, deberán adoptarse a la vista de informes técnico-económicos en los que se ponga de manifiesto el valor de mercado o la previsible cobertura del coste de aquellos, respectivamente. Dicho informe se incorporará al expediente para la adopción del correspondiente acuerdo

Realmente, atopámonos ante unha compensación pola utilización especial do demanio municipal, polo que amáis do citado, o réxime de aplicación sería o previsto para a utilización do dominio público municipal que vería disposto entre outros nos artigos básicos da LPAP, 6; 84; 86 e 92 e os artigos 74 e ss. Do RBEL.

Segundo o artigo 3 do RBEL e 74 do TRRL entre outros, son bens de uso público local, os camiños e carreteras, prazas, rúas... e por ter dito carácter, segundo o artigo 132 da CE e 80 da LBRL, para os bens locais, son imprescriptibles, inalienables e inembargables.



O artigo 20 do TRLFL sinala que *las entidades locales, en los términos previstos en esta ley, podrán establecer tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local, así como por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades administrativas de competencia local que se refieran, afecten o beneficien de modo particular a los sujetos pasivos.*

En todo caso, tendrán la consideración de tasas las prestaciones patrimoniales que establezcan las entidades locales por:

A) *La utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local.*

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN.

Como xa expusen, o procedemento de aprobación das ordenanzas tributarias ven perfectamente disposto na normativa básica local, delimitándose dúas fases, inicial e definitiva expresa ou tácita, no caso de que na fase de exposición pública de 30 días non se presentaran alegacións ou reclamacións algunha.

Así, o artigo 17 do TRLFL determina que *los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

2. Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.

3. Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

4. En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

En relación á entrada en vigor, as ordenanzas de carácter fiscal teñen o seu réxime especial distinto do previsto para o resto de disposición xerais como afirma o artigo 111 da LBRL, e segundo o artigo 107.1 desta norma *las Ordenanzas fiscales reguladoras de los tributos locales entrarán en vigor simultáneamente con el presupuesto del ejercicio económico siguiente a la aprobación de aquéllas, salvo que en ellas mismas se prevea otra fecha.*



Las Ordenanzas fiscales obligan en el territorio de la respectiva Entidad local y se aplican conforme a los principios de residencia efectiva y de territorialidad, según los casos.

CUARTA.- ÓRGANO COMPETENTE E QUORUM.

O órgano competente que ostenta a atribución en materia regulamentaria é o Pleno da Corporación tanto nos municipios de réxime común, art. 22.2.d) da LBRL, coma nos municipios do Título X desta norma, art. 123.1.d), sen perxuízo de que nestes últimos a XGL ten atribuída a competencia en materia de aprobación dos proxectos de ordenanza e regulamentos salvo os de organización de pleno e comisións.

O quorum é o xenérico previsto no artigo 47.1 e 123.2 da LBRL; é dicir, maioría simple dos presentes.

QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E IMPUGNACIÓN.

En relación á entrada en vigor remítome ó citado no considerando terceiro deste informe.

Contra a aprobación de disposicións xerais só caberá Recurso Contencioso- Administrativo directo, sen perxuízo da impugnación indirecta dos actos da mesma por razóns materiais ou sustantivas, e no por razóns formais da súa aprobación como matiza reiterada xurisprudencia do TS.

Todo elo, conforme o artigo 112.3 da LPAC de carácter básico.

En cumprimento do principio de transparencia coa obriga de exercer a información activa, unha vez aprobada deberá publicarse no Portal de Transparencia municipal dacordo ó artigo 7.e) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

OBSERVACIÓNS:

Deberase:

1.- Introducir un preámbulo con sucinta motivación dos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da LPAC.

2.- Modificar a referencia normativa do artigo 1 da ordenanza, que sería o RDL do ano 2004, e non do 2001 entre outras das normas citadas neste informe.

3.- En relación as bonificacións, están suxeitas a reserva de lei segundo o artigo 9 do TRLFL, polo que non se poden prever na ordenanza xa que nesta norma non se prevén máis alo de ter en conta criterios de capacidade económica para determinar a contía da tasa ex art. 24.4 do TRLFL.

4.- Non consta no expediente informe económico financeiro acreditativo do valor de mercado da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, polo que deberá adherirse ós efectos oportunos so pena de nulidade do citado expediente.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente condicionado a corrección dos aspectos sinalados, para a súa elevación ó Pleno da corporación previo ditame da comisión informativa correspondente.



O Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Tamén consta no expediente o informe económico financeiro asinado polo A.D.R. do Concello que di o seguinte:

“INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO DA TAXA POR INSTALACIÓNS DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA DA FEIRA DE VIMIANZO SITUADAS EN TERREO DE USO PUBLICO.

EXPTE: 2023/G015/000001

ANTECEDENTES:

En uso das competencias locais recoñecidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido do Regulamento. Lei de Facenda Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello considerou necesario e oportuno establecer a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico.

O motivo de establecer a taxa que se pretende acometer non é outro que, en aras do equilibrio económico e da autonomía financeira e suficiencia deste Concello, actualizar o réxime tributario básico e implantar a capacidade de obtención de recursos mediante o Concello, xa que a necesidade destas obriga a que todos os contribuíntes paguen os impostos correspondentes.

O importe da taxa estará, de conformidade co establecido no artigo 24.1 Texto Refundido da Lei Reguladora da Facenda Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2. /2004, do 5 de marzo. “O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a unidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada.

Nada máis establece a norma sobre como obter estes custos, polo que o criterio a seguir déixase nas propias Entidades Locais. Deste xeito, facer un cálculo preciso do custo real da prestación dun servizo ou actividade podemos recorrer á teoría e á práctica da xestión de custos.

Á vista do obxectivo perseguido, a forma de cómputo que mellor se adapte para a obtención da taxa nos supostos de aproveitamento especial de dominio público ou realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de xeito particular aos contribuíntes de ser o custo total, que estará integrado polo custo directo e o custo indirecto da prestación da actividade ou servizo público.

En virtude do establecido no artigo 24.1 (xa dito) e 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais “Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. Este informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo”

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-ECONÓMICAS

Para determinar a devandita utilidade partimos do valor catastral medio no ano 2023 por metro cadrado do chan de unidades urbanas construídas e non construídas que baten nas rúas onde se fai a feira extraendo o valor medio do metro cadrado ocupado e ano (valor catastral do ben/da superficie gráfica do ben), despois calculase por valor por metro cadrado por hora ocupada e por último calculase o valor con 8 horas (tempo de ocupación por día feira) e de 3 metros cadrados (xa que os postos como ten un fondo de 3 m), así se calcula o valor por metro de fronte e día de fería ocupado. Resultando un valor medio de 1€/metro de fronte e feira

Alguns dos enderezos catastrais unidades urbanas construtivas e non construídas usadas no cálculo

Rúa	Unidade construída	Unidade sen construír
Vazquez Mouzo	nº25	n.º 180d
Castelao	O mesmo que a de VM (esquina)	nº5
Candil	nº9	Nº16 T
Evaristo Martelo	Castelao 9 (edificio esquina)	nº30
Vilar	Nº12 edificio	Nº12 solar

Tendo en conta todo o antedito o A.D.R. que asina emite o seguinte **informe**:

1- O custe por metro de fronte e feira ocupado polos postos no recinto feiral é de 1 €.

2,-O custe sinalado no punto 1, cumpre cos requisitos legais do artigo 20 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora da Facenda Local, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de marzo. 5, e, polo tanto, prevese que os importes estimados non xeren remanente de xestión, sempre que os aprobados definitivamente non superen individualmente os previstos e se cumpran as previsións do estudo de custos. Todo iso, sen prexuízo da posibilidade de modificar as tarifas unha vez que estea en funcionamento, en función dos custos reais e devolucións que se producen.

Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril resultador das bases de réxime local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da corporación previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da Ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico, asinada pola Alcaldía na data do 21 de novembro de 2023.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerencias que consideren oportunas.



TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por seis votos a favor (5 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

D. Benjamín Queiro traslada que en Zas non se cobra esta taxa, e en Carballo é de 63 céntimos o metro, debendo reconsideralo xa que se paga se veña ou non, deberíamos de poñelo en 0,50 euros e non 1 euro.

A Alcaldesa-Presidenta considera que non é desorbitado, e simbólico e en todo caso, se estudaríase o seu cambio se detectanse problemas.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PsdeG-PSOE, dous votos en contra do BNG e unha abstención do Grupo Mixto-PP, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo. Expte TEDEC 2023/G013/00002

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o venres, día 24 de novembro de 2023, que se reproduce a continuación:

“1º.- Proposta de ditame sobre aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo. Exp: 2023/G013/000002

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de novembro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo Exp.: 2023/G013/000002



Consta no expediente o borrador da Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo, que consta de 3 títulos, 28 artigos, 1 disposición derogatoria e 1 disposición final, que ten como obxecto o desenvolvemento da xestión da venda ambulante no municipio de Vimianzo. .

Consta o informe emitido polo secretario xeral do concello, de data 20 de novembro de 2023, en sentido favorable á aprobación da dita Ordenanza, que dí o seguinte:

'INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: APROBACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA XESTIÓN DA VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE VIMIANZO

EXPTE: 2023/G013/000002.

Emítase este informe xurídico á vista da providencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2023, conforme ó disposto no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL, así como o artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, no seo das funcións reservadas de asesoramento legal preceptiva contidas no artigo 92.bis. Da LBRL.

Lexislación Aplicable:

- Constitución Española - CE-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro- ROF-.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo - LALGA-.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro – LRXSP-.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro – LTIPBG-.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro- LPAP-.
- Real Decreto 1372/86 de 13 de xuño- RBEL-.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- As EELL, como administracións territoriais cuxa autonomía local ven recoñecida na CE nos artigos 137 e 140 e trasladada ós artigos 2 e 3 da LBRL, teñen atribuídas as potestades previstas no artigo 4 desta norma, entre as cales atópanse as potestades regulamentarias e organizativa.

Neste senso, segundo o artigo 2.1 da LBRL, *para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las Entidades Locales, la legislación del Estado y la de las Comunidades Autónomas, reguladora de los distintos sectores de acción pública, según la distribución constitucional de competencias, deberá asegurar a los Municipios, las Provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad Local,*



de conformidade con os principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxección a a normativa de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira.

Dita potestade regulamentaria supón a capacidade de desenrolar normas con rango legal derivadas da potestade lexislativa que recae na administración territorial do Estado e das CCAA, conforme a distribución competencial prevista nos artigos 148 e 149 da CE.

Deste xeito, o artigo 105 da CE garante ós cidadáns a existencia de procedementos administrativos para relacionarse coas administracións como manifesta o precepto 34 da LPAC que dispón que *los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado, se producirán por el órgano competente ajustándose a los requisitos y al procedimiento establecido*.

Esta potestade atópase suxeita ó control dos tribunais como impón o artigo 106 da CE e o artigo 8 da Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo que establece que *los Tribunales controlan la potestad reglamentaria y la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de ésta a los fines que la justifican*.

Antes de abordar o contido da ordenanza, cabe referirnos ó controvertido Título VI da LPAC denominado *"De la iniciativa legislativa y de la potestad para dictar reglamentos y otras disposiciones"*, obxecto de múltiples sentencias entre as cales destacan a STC 55/2018 de 24 de maio; STSJ de Galicia de 30 de abril de 2015 e as STS de 31/01/2023 e 6/02/2023.

Neste título, regulanse aspectos a ter en conta no exercicio da potestade regulamentaria de tódalas administracións públicas incluída a local, e así, deberanse contemplar na exposición de motivos das mesmas de xeito xustificativo, os principios de boa regulación previstos no artigo 129 desta norma: *necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia*.

Este precepto foi declarado inconstitucional sempre que se interpretase conforme a STC 55/2018, non sendo de aplicación salvo un par de parágrafos ás CCAA, olvídanse a citada sentenza das AALL, co cal en principio segue de aplicación para as mesmas.

Respecto o Plan Anual normativo, o mesmo argumentario salvando a súa inexistencias nas entidades locais como unha irregularidade non invalidante á vista da citada STSJ de Galicia.

Máis complexa é a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración dos regulamentos contemplada no artigo 133 da LPAC, e a nivel local de xeito xenérico nos artigos 69 e 70 da LBRL.

Así, este precepto contempla de forma complementaria ós procedementos especiais, a previa consulta pública e audiencia específica a cidadáns afectados coa excepción de que estemos ante normas orzamentarias ou organizativas ou concurran razóns graves de interese público.

Amáis de que *cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero*.

O contido deste precepto, foi sendo matizado pola xurisprudencia, pasando de obrigatorio como normativa complementaria no exercicio da potestade regulamentaria local, a non aplicable dado o carácter supletorio da LPAC (Disposición Adicional 1ª) fronte ó principio de lex specialis, sobre todo en materia tributaria y urbanística local.

Este interpretación é máis acorde co principio de autonomía local, xa que as AALL teñen normativa específica de elaboración, tramitación, aprobación e entrada en vigor das súas ordenanzas conforme ós artigos 49 e 110 e ss. da LBRL; 17 e ss. da Lei de Facendas Locais e o Título II da Lei 2/2016 de 10 de febreiro de Solo de Galicia.

SEGUNDA.- ASPECTOS SUSTANTIVOS:

A ordenanza que se presenta ven derogar a antiga do ano 1989, adecuando o seu contido ó réxime da venda ambulante ou non sedentaria prevista como atribución competencial ós concellos, nos artigos 70 e ss. Da Lei 13/2010 de 17 de decembro.

Así, este precepto a define como *la realizada por personas comerciantes, fuera de un establecimiento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica o continuada, en los perímetros o lugares debidamente autorizados en instalaciones comerciales desmontables o transportables, incluyendo los camiones tienda.*

Asemade, o artigo 72 desta norma, determina o contido das ordenanzas locais e os requisitos dos beneficiarios da explotación.

Los ayuntamientos aprobarán las correspondientes ordenanzas municipales de venta ambulante, en las que se determinarán, como mínimo:

a) Los lugares y periodos en que pueda celebrarse la venta ambulante, así como la tipología admitida, habida cuenta de las características y necesidades de cada municipio y, especialmente, de los indicadores siguientes:

- 1.º) Densidad de tránsito y circulación.*
- 2.º) Acceso a los locales comerciales o industriales, a sus escaparates o exposiciones.*
- 3.º) Acceso a los edificios de uso público.*
- 4.º) Condiciones para garantizar la adecuada sanidad e higiene.*
- 5.º) Interés de las personas consumidoras.*
- 6.º) Tradición y raigambre en el municipio de esta modalidad de venta.*

b) Los requisitos para el ejercicio de la venta ambulante.

c) El régimen de autorizaciones.

d) La previsión del número de puestos o licencias.

- e) Los productos que podrán ser ofrecidos a la venta.
- f) La tasa a pagar por la concesión de la licencia.
- g) El régimen interno de funcionamiento del mercado, en su caso.
- h) La previsión del régimen sancionador.
- i) La relación de derechos y deberes de las personas comerciantes ambulantes.

Realmente, atopámonos ante unha utilización especial do demanio municipal, polo que amáis do citado, o réxime de aplicación sería o previsto para a utilización do dominio público municipal que vería disposto entre outros nos artigos básicos da LPAP, 6; 84; 86 e 92 e os artigos 74 e ss. Do RBEL.

Segundo o artigo 3 do RBEL e 74 do TRRL entre outros, son bens de uso público local, os camiños e carreteras, prazas, rúas... e por ter dito carácter, segundo o artigo 132 da CE e 80 da LBRL, para os bens locais, son imprescriptibles, inalienables e inembargables.

Isto nos leva a que o que se está regulando, é a autorización demanial por ocupación especial por instalacións desmontables prevista especificamente no artigo 92 da LPAP, respetando a ordenanza plantexada o prazo máximo das mesmas, e o seu réxime de concesión, directa ou en concurrencia cando o número de autorizacións fora limitado.

Esta ordenanza, seguindo a estrutura contemplada na Lei 13/2010 de 17 decembro, excluíndo o tributo que se establece na correspondente ordenanza fiscal, componse de 28 artigos, unha disposición derogatoria e unha disposición final respecto á súa entrada en vigor adaptada ó réxime básico e inmutable citado nos artigos 65 e 70 da LBRL.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN.

Como xa expusen, o procedemento de aprobación das ordenanzas non tributarias ven perfectamente disposto na normativa básica local, delimitándose dúas fases, inicial e definitiva expresa ou tácita, no caso de que na fase de exposición pública de 30 días non se presentaran alegacións ou reclamacións algunha.

Así, o artigo 49 da LBRL determina que *la aprobación de las Ordenanzas locales se ajustará al siguiente procedimiento:*

- a) *Aprobación inicial por el Pleno.*
 - b) *Información pública y audiencia a los interesados por el plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.*
 - c) *Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo y aprobación definitiva por el Pleno.*
- En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.*

CUARTA.- ÓRGANO COMPETENTE E QUORUM.

O órgano competente que ostenta a atribución en materia regulamentaria é o Pleno da Corporación tanto nos municipios de réxime común, art. 22.2.d) da LBRL, coma nos municipios do Título X desta norma, art.



123.1.d), sen perxuízo de que nestes últimos a XGL ten atribuída a competencia en materia de aprobación dos proxectos de ordenanza e regulamentos salvo os de organización de pleno e comisións.

O quorum é o xenérico previsto no artigo 47.1 e 123.2 da LBRL; é dicir, maioría simple dos presentes.

QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E IMPUGNACIÓN.

Dacordo ó previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65, ambos da LBRL, a aprobación definitiva e inmediatamente executiva (Art. 51 da LBRL), mais a eficacia da norma postérgase ós 15 días hábiles da súa publicación no BOP correspondente.

Contra a aprobación de disposicións xerais só caberá Recurso Contencioso- Administrativo directo, sen perxuízo da impugnación indirecta dos actos da mesma por razóns materiais ou sustantivas, e no por razóns formais da súa aprobación como matiza reiterada xurisprudencia do TS.

Todo elo, conforme o artigo 112.3 da LPAC de carácter básico.

En cumprimento do principio de transparencia coa obriga de exercer a información activa, unha vez aprobada deberá publicarse no Portal de Transparencia municipal dacordo ó artigo 7.e) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a ordenanza referida e corrixida, para a súa elevación ó Pleno da corporación previo ditame da comisión informativa correspondente.

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril resultador das bases de réxime local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da corporación previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo, asinada pola Alcaldía na data do 21 de novembro de 2023.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerencias que consideren oportunas.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.



CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Asuntos Xerais, por seis votos a favor (5 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

O Secretario explica brevemente.

A Alcaldesa-Presidenta manifesta que se fixeron pequenos cambios para convivir todos cos vados e demais aspectos reseñables.

D. José Manuel dí que é importante regular para facilitar o aparcamento, e tamén sería importante regular as terrazas.

D. Benjamín Queiro parecelle boa idea a de axilizar as tramitacións pero poderíase deixar a porta aberta a exceder medidas flexibilizando en situacións concretas.

A Alcaldesa-Presidenta concorda co voceiro do Grupo Mixto-PP sendo a ordenanza de terrazas unha prioridade, e que os problemas non veñen pola extensión da ocupación senón polos vehículos dos particulares.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario dé conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 25-09-2023 con número 1340/2023 ata o día 23-11-2023 con número 1639/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

8º. Rogos e preguntas.



D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta e roga:

- En relación coa pista de Lavandeira que está en mal estado, que se proceda ó seu arranxo.
- Respecto a un socavón no Barranco de Baíñas, a COTOP dí que o seu arranxo é competencia do concello.
- Pregunta polos danos na Ponte de Orbellido.
- Por último dí que por causa das últimas enchentas inundáronse frentes de moitas casas e habería que facer un plan para evitar isto ou falar coa Xunta ou algo.

D. Benjamín Queiro pregunta e roga:

- En relación coa obra da Ponte de Castrelo, se está cerca o remate respetando os prazos estipulados.
- En relación á Lavandeira que está en mal estado e a vía alternativa tamén.
- Respecto ás Escolas municipais de música e teatro, canto está a cobrar a empresa contratista e cando se pensa licitar.
- Arranxar en Baíñas xa que Ence cortou eucaliptos e deixou o camiño desfeito.
- Por último pregunta pola obra entre Baíñas e Subeiro.

A Alcadesa-Presidenta responde en relación coa pista Castrelo- Lavandeira que efectivamente está en mal estado porque non se está a cumprir coa sinalización e que cando remate a obra se verá que a Deputación se faga cargo dos danos causados.

Respecto ó socavón en Baíñas, reitera que non é competencia municipal, é tema de pluviais e esa tubería está mal e a teñen que cambiar.

En relación coa Ponte de Orbellido, Xeal négase a reparala e se pediu valoración que oscila nos 30.000 euros e pasouse á compañía de seguros.

En relación as inundacións, son case que inevitables cando ven a chuvia coa forza que veu, e tendo en conta que Vimianzo é un val, sendo competencia da Xunta a limpeza do cauce dos ríos ou ben que nolo deixen limpar plantexándose unha bifurcación do canal.

Todo elo sen perxuro de que as cunetas deberían tamén telas limpas os colindantes que as utilizan.

A obra da Ponte de Castrelo ía en prazo, pero pese as chuvias esperase terminar finais de novembro primeiro de decembro.

A obra da senda sí que terá que ampliarse en prazo por mor das incidencias climáticas.

Respecto ás escolas municipais, licitáronse pero quedaron desertas polo que hai que modificar os prezos e pliegos e neso se está.



Estase a investigar quen causou os danos nos cabazos para reclamarlle e a vía Baíñas-Subeiro ten tajeas tupidas e se dará traslado ó organismo competente para darlle solución.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:06 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz

CVD: 2FKh/VzowH8/Us+46t0r Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. Mónica Rodríguez Ordóñez (FECHA: 25/01/2024 14:08:00)

Versión imprimible

CVD: oqpMdc7wLHx/tRrMFjCt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo conCódigo de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)